



B

**D. JOSÉ LUIS OUJO POUZO,
ALCALDE
DO CONCELLO DE PORTO DO SON**

FAI SABER:

A

Que con motivo da FESTA DE SAN XOÁN, para poder acender as fogueiras deberá solicitarse a correspondente autorización, aportando copia do DNI, antes das 13:30 horas do día 20 de xuño no Rexistro Xeral do Concello.

Deberán adoptarse seguintes medidas de precaución:

N

- Antes de acender o lume deberá facerse unha devasa eliminando a totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de ancho arredor do perímetro da fogueira.

- Non se poderá facer a fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Acendida a fogueira, se o lume se estende, deberá apagarse inmediatamente.

D

- En todo momento deberá contarse con persoal e material suficiente para o control do lume e non poderá abandonarse a vixilancia da zona queimada ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen 2 horas sen que se observen brasas ou lapas.

O

- Cumpríranse as seguintes normas de seguridade:

- O lume non poderán superar os 6 metros de altura

- Non se poderán acender lumes a menos de 50 metros das árbores

- Disporase de auga para o control ou extinción do lume.

- Unha vez apagadas as fogueiras deberán recollerse os restos e deixar a zona limpa e acondicionada, sendo responsable a persoa que solicita o permiso.

- Prohíbese expresamente acender fogueiras nas praias. Tamén se prohíbe acender lumes nas rúas, agás que se faga sobre unha chapa metálica.

Porto do Son, 9 de xuño de 2016



O Alcalde

Asdo) José Luis Oujo Pouzo